

LICEO INTERNACIONAL AGARIMO

LICEO INTERNACIONAL AGARIMO é un centro especializado na formación. Ademais é entidade organizadora da FUNDACIÓN TRIPARTITA para a Formación no emprego (con nº de expediente B135904AK) estando acreditada para xestionar o crédito das súas empresas agrupadas, comunicar a realización das accións formativas e/ou os permisos individuais de formación, notificar o inicio e fin da formación, etc...

ACEBE CCA e o LICEO INTERNACIONAL AGARIMO están interesados en establecer unha colaboración para que os socios de ACEBE CCA e os seus traballadores por conta allea poidan beneficiarse do amplo catálogo formativo bonificado pola Fundación Tripartita que ofrece LICEO INTERNACIONAL AGARIMO.

Poderán acceder ó catálogo de cursos ofrecido por LICEO INTERNACIONAL AGARIMO todos os asociados de ACEBE CCA e os seus traballadores por conta allea acreditando documentalmente a súa condición a través dos certificados de pertenza á asociación que emitirá ACEBE CCA.

LICEO INTERNACIONAL AGARIMO ofrecerá ós asociados de ACEBE CCA e ós seus traballadores por conta allea un amplo catálogo formativo de cursos ON LINE.

Ademais a través do presente acordo LICEO INTERNACIONAL AGARIMO ofrece ós autónomos asociados a ACEBE CCA un 50 % de desconto en todo o catálogo de cursos on line.